

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E O CONCELLO DE VILALBA PARA A XESTIÓN
DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR NUN CENTRO EDUCATIVO DO CONCELLO**

REUNIDOS

29/07/2022

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 60/2022, do 15 de maio, actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, Elba Veleiro Fernández, alcaldesa-presidenta do concello de Vilalba, que actúa en nome e representación deste, en virtude das competencias que ten recoñecidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 7 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio de colaboración e polo tanto,

EXPOÑEN

I.- Que o Estatuto de autonomía de Galicia declara no seu artigo 31 a competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia para o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo das limitacións impostas polos artigos 27 e 149 da Constitución española.

Pola súa banda, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece e define as obrigas das administracións educativas en relación cos servizos educativos complementarios, tales como os comedores escolares.

II.- Que o Decreto 132/2013, do 1 de agosto (DOG número 154, do 13 de agosto) regula os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.

A referida norma contempla o comedor escolar como un servizo educativo de carácter complementario que, ademais de servir á Administración educativa como factor importante para a escolarización, tamén desenvolve unha destacada función social e educativa.

A implantación do comedor escolar obedeceu nos seus inicios á necesidade de dar resposta á situación de desvantaxe social e económica de moitas familias, derivada da tradicional dispersión xeográfica galega, que dificultaba o acceso dos escolares á ensinanza, razón pola que se concibía unido ao transporte escolar. No momento actual, o comedor escolar está acadando novas virtualidades, derivadas da súa condición de medio básico na conciliación da vida laboral e familiar.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia da xestión pública e favorece a eliminación de duplicidades administrativas na xestión do comedor escolar.

III.- Que o Concello de Vilalba decidiu impulsar a xestión do comedor escolar da EEI de Vilalba, radicada no seu termo municipal, asumindo a organización do mesmo e o seu financiamento, para o que contou coas correspondentes achegas económicas dos pais e nais do alumnado comensal en concepto de copago do servizo.

Naquel momento a inquietude manifestada polo Concello de Vilalba contou coa aquiescencia da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (agora denominada Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades) para a apertura do comedor escolar na EEI de Vilalba, facilitando para o efecto a actuación xestora municipal.

Con tal motivo e coa perspectiva outorgada polo tempo de desenvolvemento das actuacións referidas, a experiencia demostrou a súa eficacia e impacto positivo na comunidade educativa de Vilalba, dadas as específicas características poboacionais deste concello; con data do 26 de marzo de 2021 asinouse un convenio de colaboración para a xestión do comedor escolar no centro antes citado, con vixencia para os cursos 2020/2021 e 2021/2022.

Neste senso, tendo en conta os bos resultados acadados, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades quere unirse á aposta que realizou no seu día o Goberno Municipal do Concello de Vilalba e colaborar co concello, co fin de favorecer a conciliación da vida familiar e laboral, contribuíndo á vez a fomentar a adquisición de hábitos nutricionais e hixiénicos saudables polos escolares.

IV.- Concorren, así, razóns de interese público que xustifican o outorgamento dunha subvención ao estar motivado por razóns de interese social, xa que o servizo educativo de comedor escolar ten un carácter complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación obrigatoria dentro dos principios de igualdade e solidariedade.

Do mesmo xeito non procede promover a concorrencia pública posto que o Concello de Vilalba é a única entidade competente para a xestión . En efecto, a demanda e necesidades esgrimidas pola comunidade educativa no sentido de que este recurso educativo complementario sexa xestionado a través do concello, así como do desexo do concello de xestionar estes comedores escolares, determina a elección do convenio entre a consellería e o concello como fórmula idónea neste caso. Por outra banda, esta proposta está contemplada na planificación anual efectuada pola Secretaría Xeral Técnica da consellería, e cumpre todos os criterios obxectivos para a súa concesión.

Polos motivos expostos, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Vilalba, conscientes da importancia que, para moitas familias do concello, supón o comedor escolar como medio de conciliación da súa vida laboral e familiar, de acordo co previsto no artigo 2.1 d) do citado Decreto 132/2013, do 1 de agosto, consideran adecuado a sinatura dun convenio de colaboración para os cursos escolares 2022/2023 e 2023/2024, en base ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (en adiante consellería) e o Concello

de Vilalba (en adiante concello) para a xestión e organización do servizo de comedor escolar na EEI de Vilalba, radicado neste concello para un total de 45 usuarios máximos autorizados previstos.

Segunda.- Compromisos do concello

1. O concello prestará o servizo de comedor escolar no centro docente enumerado na cláusula primeira deste convenio durante os cursos escolares 2022/2023 e 2023/2024. Este servizo abranguerá as seguintes actividades:

a) A elaboración de comidas cos seguintes requirimentos:

1º Os citados menús poñeranse en coñecemento do consello escolar de cada centro educativo, debendo garantirse a adecuación destes ás necesidades nutricionais das persoas usuarias do servizo e á inxestión calórica dos nutrientes, así como as características gastronómicas de cada estación do ano.

2º O menú será o mesmo para todos/as os/as comensais que fagan uso do servizo, sexa alumnado ou persoal do centro. En calquera caso, o alumnado do centro que teña algún tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria, acreditada mediante certificado médico, disporá dun menú adecuado ás súas necesidades.

3º O servizo e distribución dos menús escolares ata as mesas do comedor escolar; o seu reparto entre os comensais e a recollida do material empregado.

b) A vixilancia, asistencia e coidado do alumnado durante a utilización do servizo de comedor, así como nos períodos comprendidos dende a finalización da última clase da mañá ata o comezo da seguinte actividade educativa ou ata a súa volta á casa, de ser o caso. Nestes períodos fomentaranse programas de promoción da saúde, hábitos alimenticios e habilidades persoais.

De acordo co artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, introducido pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á

infancia e á adolescencia: "Será requisito para o acceso e exercicio ás profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, o non ser condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. Para este efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais"

2. O concello asume o financiamento do custo do comedor escolar do centro anteriormente citado, contratando a prestación do servizo de comedor escolar para o dito centro educativo, de conformidade cos procedementos e formalidades esixidos pola normativa vixente en materia de contratación pública, así como o control posterior da súa execución, sendo de cargo dos usuarios do citado servizo, de así determinalo o concello, o financiamento dos custos en todo o que exceda da achega económica da consellería, sen que, en ningún caso, a asunción destas obrigas afecte ao cumprimento da lexislación de estabilidade orzamentaria.

3. Así mesmo, o concello comprométese a:

a) Contratar os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o axeitado desenvolvemento dos traballos, de acordo coa normativa vixente en materia de contratación pública. Debe respectarse o disposto no xa transcrito artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

b) Sufragar os menús dos coidadores de NEEs, que, durante a súa xornada laboral, han de asistir no comedor aos escolares que teñan asignados, no caso de existiren nos centros cuxos comedores son xestionados polo concello.

c) Cumprir o seu deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

d) Incluír en todo o material gráfico e divulgativo que se realice do proxecto, a imaxe institucional da Xunta de Galicia como entidade colaboradora.

- e) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e/ou o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.
- f) Comunicar á consellería a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- g) Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma (tales certificados poden substituírse por unha declaración responsable do concello, ao abeiro do disposto no artigo 11 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro), así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do seu regulamento.
- h) Subministrar á consellería, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por ambas administracións das obrigas previstas no Título I da citada lei.
- i) As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Terceira.- Compromisos da consellería

A Consellería comprométese a colaborar economicamente na xestión e organización do servizo de comedor escolar na EEI de Vilalba mediante unha achega económica de 39.825,00 €, con cargo a aplicación orzamentaria 10.10.423A.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, dividida nas seguintes anualidades e importes:

Ano 2022: 6.187,50 €

Ano 2023: 19.912,50 €

Ano 2024: 13.725,00 €

Será compatible a percepción doutras axudas, ingresos ou recursos para o mesmo proxecto sempre que, illada ou en concorrência con ingresos, subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados ou dos/das usuarios/as do servizo, non supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

2. Cooperar para unha prestación dun servizo complementario de calidade mediante o impulso da implicación da comunidade escolar e unha adecuada aplicación dos protocolos de funcionamento dos comedores escolares no marco dos proxectos educativos dos centros e da súa articulación por medio da programación xeral anual, que recolla o funcionamento do servizo, e a súa vinculación ao regulamento de réxime interior, que recolla a organización e os usos dos espazos todo isto segundo a normativa relativa ao regulamento orgánico dos centros e no marco do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.

Cuarta.- Gastos subvencionables. Xustificación da contribución económica da consellería ao concello

Gastos subvencionables

Considéranse subvencionables os gastos especificados no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de vixencia do convenio.

En particular, serán subvencionables os custes dos menús, así como todos aqueles outros gastos de distinta natureza que se deriven da prestación dos servizos de xantar aos/ás usuarios/as, incluídos os gastos de mantemento, persoal, limpeza e aqueles outros que deriven

das medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde impostas nos protocolos adoptados pola autoridade educativa e sanitaria de adaptación ao contexto covid 19 nos centros de

ensinanza. En ningún caso se subvencionarán os almozos ou merendas que se ofrezan nos servizos de comedor.

Os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso, se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

Nos termos previstos polo artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, *"1. Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. As entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das beneficiarias de cada un dos aboamentos das subvencións concedidas.*

2. Non obstante, no caso de realizarse pagamentos anticipados como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención".

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incurrido o Concello, como consecuencia da adquisición de obrigas acordos co obxecto do convenio, aínda que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

Documentación xustificativa

Para a percepción da axuda correspondente a cada anualidade será necesario presentar, ante a Secretaría Xeral Técnica da consellería, a seguinte documentación:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do alcalde ou presidente, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

O cumprimento da finalidade da subvención.

Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados polo concello imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación:

identificación do/s acreedor/es,

número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e

data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.

b) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios

c) Os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei de Subvencións de Galicia, de ser o caso.

d) Declaración responsable expedida polo órgano competente, comprensiva das outras axudas e ingresos percibidos ou solicitados para este proxecto, na que se indique entidade concedente, data e o importe total.

e) Declaración responsable, do órgano competente da entidade, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Esta declaración será comprensiva do cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.

f) Declaración responsable de titularidade da conta bancaria.

g) Memoria xustificativa e económica das actividades realizadas.

h) A conta xustificativa da subvención incorporará, en todo caso, a certificación expedida pola intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da entidade local, da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida.

En todo caso, para o libramento da subvención será imprescindible o certificado acreditativo da verificación realizada, emitido pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no que se detallará o alcance das comprobacións practicadas.

A documentación xustificativa presentarse de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Períodos e prazo para a xustificación

Anualidade 2022

Comprende os gastos realizados dende o 12 de setembro de 2022 ata o 30 de novembro de 2022.

O prazo para a xustificación remata o 10 de decembro de 2022.

Anualidade 2023

1º Pagamento: Comprende os gastos realizados dende o 1 de decembro de 2022 ata o 23 de xuño de 2023.

O prazo para a xustificación remata o 30 de xullo de 2023.

2º Pagamento: Comprende os gastos realizados dende o 11 de setembro de 2023 ata o 30 de novembro de 2023.

O prazo para a xustificación remata o 10 de decembro de 2023.

Anualidade 2024

Comprende os gastos realizados dende o 1 de decembro de 2023 ata o 21 de xuño de 2024.

O prazo para a xustificación remata o 30 de xullo de 2024.

Pagamento da subvención

O pagamento da subvención realizarase unha vez comprobada a xustificación presentada e a realización do proxecto para o cal se concedeu. O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada.

Cando se advirta un exceso de financiamento da actividade subvencionada, respecto do custo do proxecto, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades efectuará a dedución polo importe total do exceso, ata o límite da subvención outorgada por ela.

Efectos da falta de xustificación

A falta de xustificación dos investimentos dentro do prazo establecido, determinará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención.

Quinta.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o Concello deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Sexta.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso, quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer o concello para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o concello, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.

d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Sétima.- Causas de resolución. Modificación do convenio

1. Serán causas de resolución deste convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades recibidas:

- a) O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas nel.
- b) A aplicación dos fondos outorgados a fins distintos dos que motivaron a concesión.
- c) A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
- d) O remate do prazo previsto para a súa vixencia.
- e) O mutuo acordo entre as partes asinantes.
- f) Cando, por causa de forza maior, as partes, ou unha delas, se vexa imposibilitada para continuar o cumprimento do convenio.
- g) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

En calquera caso, o acordo de resolución do convenio estará precedido pola denuncia formal do convenio, por calquera das partes mediante comunicación escrita e motivada dirixida á Comisión mixta de seguimento do convenio cunha antelación mínima dun mes á data na que deba surtir efectos.

A consellería esixirá, de non mediar causa que motive e xustifique a resolución do convenio pola outra parte, o reintegro total ou parcial, segundo corresponda, das cantidades indebidamente achegadas e mais os correspondentes xuros, se é o caso.

2. Modificación

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Respecto da subvención concedida pola consellería, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Ao abeiro do disposto no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, o concello deberá presentar a solicitude de modificación da subvención concedida cunha antelación mínima dun mes. A modificación deberá respectar o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitar actuacións deficientes ou incompletas. A solicitude deberá acompañar a documentación establecida no apartado 4 do citado artigo 7:

- a) Memoria xustificativa, na cal ademais se faga constar que non se desvirtúa o proxecto subvencionado, que non suporá unha actuación deficiente e que se cumpre co obxectivo da resolución da concesión.
- b) Orzamento ou proxecto modificado.
- c) Relación e identificación concreta dos cambios introducidos en cadro comparativo.

Oitava.- Exoneración de responsabilidades

A sinatura deste convenio non implicará relación laboral ou de natureza similar entre as persoas que vaian desenvolver as accións previstas nel e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que, a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Novena.- Comisión de seguimento

Para a coordinación, o seguimento e interpretación das posibles discrepancias na aplicación e/ou interpretación das cláusulas deste convenio, crearase unha Comisión mixta de seguimento que estará integrada polos seguintes membros:

Dous/dúas representantes da consellería nomeados/as polo titular da Secretaría Xeral Técnica da consellería, un/unha dos cales actuará como presidente/a.

Dous/dúas representantes do concello nomeados/as polo alcalde-presidente da corporación.

A Comisión de seguimento tamén terá como misión a proposta de solucións aos conflitos que, no seu caso, se produzan ante a Administración concedente da subvención.

O réxime de funcionamento e acordos da Comisión axustarase ás normas de funcionamento dos órganos colexiados que se conteñen na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Os acordos adoptados por unanimidade no seo desta Comisión, serán vinculantes para as partes e o seu incumprimento terá os efectos previstos no apartado primeiro da cláusula sétima.

A Administración concedente da subvención ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución, nulidade, propias dos negocios xurídicos administrativos, de acordo coa Lei de contratos das administracións públicas, ademais das potestades específicas derivadas da relación xurídica subvencional, como é a da potestade de reintegro, todo iso sen prexuízo da posibilidade de recurso contencioso administrativo, de conformidade co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décima.- Natureza xurídica, réxime xurídico aplicable e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Tamén serán de aplicación no non previsto no presente convenio as prescricións do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación, e a Orde do 21 de febreiro de 2007, que regula a organización, funcionamento e

xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da citada consellería, modificada pola Orde do 13 de xuño de 2008. Igualmente, serán aplicables as prescricións contidas na Lei 17/2011, do 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da consellería, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo primeira.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio

O convenio será obxecto de inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

De conformidade co previsto no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información e bo goberno, os asinantes do convenio autorizan expresamente a publicación dos seus datos persoais no Portal de transparencia e Goberno aberto e no rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Décimo segunda.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de

seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo terceira.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo cuarta.- Vixencia

Este convenio, unha vez asinado, estará vixente ao longo dos cursos escolares 2022/2023 e 2023/2024, podendo acordarse, de xeito expreso, polas partes asinantes, antes da súa finalización, a súa prórroga por cursos escolares, cunha duración máxima de catro anos, ao abeiro do disposto no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En proba de conformidade, asínase este convenio na data da súa sinatura dixital

O conselleiro de Cultura, Educación
Formación Profesional e Universidades

A alcaldesa presidenta do Concello de Vilalba

O secretario xeral técnico

P.D. (Orde do 9.2.2021)

Manuel Vila López

Elba Veleiro Fernández